

VESTIDO GREGO E ROMANO

Os antigos gregos e romanos usaban roupas amplas cinguidas con fíbulas (especie de imperdibles) e cintos.

As vestimentas grega e romanas son moi semellantes entre si, só varían os nomes.

Para facer un vestido de romano/a convén buscar por casa ou mercar unha tela que teña boa caída e algo de peso.

As mulleres levaban as túnicas ata os pes, polo que nesitarían entre 2,5 m e 3 m. de tea de ancho normal (1,5 m.).

Os homes levaban a túnica ata os xeonllos de largo e de ancho o dobre do que mide a espalda (con 3 m dunha tea de 1,5 de ancho pode ser suficiente)

Convén que as cores sexan variadas e compre recordar que os ricos usaban cores craras e vivas mentres que as clases baixas usaban tonos cor terra e pardo.

Os vestidos pódense coser ou suxeitar con imperdibles e deben cingirse cun cinto.

Tanto o home como a muller poden usar unha túnica e sobre ela un manto (optativo).

Aínda que había diferentes tipos de calzado e o calzado pechado e botíns eran frecuentes, a sandalia é unha boa opción e é característica das sociedades grega e romana

Vestiduras femininas:


- **Túnica:** peplo dórico, peplo xonio ou quitón
- **Manto:** himation, palla ou stola

Vestiduras masculinas:


- **Túnica:** quitón, túnica, exomis
- **Manto:** himation, clámide, toga
- **Roupas militares:** armadura de lexionario, sagum, paenula

VESTIDURAS FEMININAS:

Peplo dórico: peplo é a túnica feminina nas antigas Grecia e Roma.



Peplo xónico ou quitón



Outro posible atado

Himation, palla ou stola


É un manto que pode levarse como accesorio enriba do peplo ou túnica. En Roma chamábase *stola* ou *palla*



Outros himations máis coquetos


VESTIDURAS MASCULINAS

Quitón ou túnica



Exomis

Túnica curta propia de escravos e obreiros.



Clámide

Capa curta grega, propia de viaxantes. Bordada podía ser vestida por reis.




Fig. 61. — SCHÉMA DE LA CHLAMYDE, pendant l'ajustement.




Fig. 63. — EXEMPLE DE LA CHLAMYDE. D'après une peinture de vase.


Himation: por riba da túnica os homes, ao igual que as mulleres, podían levar un manto ou himation.




Toga: era unha especie de manto, característico dos homes romanos. Precísase máis tea que para un himation. Soía ser branca e, si era dun senador ou un neno menor de 18 anos, podía levar bordes púrpura (*toga praetexta*). Os xenerales victoriosos e emperadores podían levala adornada ou totalmente púrpura (*toga picta* ou *toga purpurea*).



Vestimenta de lexionario



Sagum ou paenula :
era unha capa militar



Fontes na rede:

- <http://aspasiamelide.blogspot.com>
- http://culturaclasicasagunt.wikispaces.com/file/view/indumentaria_cas.pdf
- <http://www.aridelucus.com/>
- <http://www.roman-empire.net/society/soc-dress.html>
- http://www.santiagoapostol.net/latin/vida_roma.html
- <http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/latin/esl143ca6.php>
- Lexión romana: <http://www.taringa.net/posts/imagenes/1666679/El-Legionario-romano-y-su-equipo.html>